

## **ORDENANZA FISCAL NUMERO T2**

**Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construcción, entullos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.**

### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal. Feito imponible.***

De conformidade có previsto no artigo 57, en relación có artigo 20.1.A), ambos do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, do 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construcción, entullos, valos, puntais, andamios e outras instalacións análogas, que se rexirán pola presente Ordenanza.

### ***Artigo 2º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular mediante a ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construcción, entullos, valos, puntais, asnillas, andaimes e outras instalacións análogas, obtiveran ou non a concesión, autorización ou licencia municipal preceptiva, segundo os casos, e ainda cando fosen as mesmas persoas ou entidades interesadas as que efectúen a súa reposición.
2. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuintes as persoas e entidades polas utilizacións ou aproveitamentos descritos no número anterior cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local.
3. Serán responsables da débeda tributaria xunto cos suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Ley Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente as persoas a que se refiren os artigos 43 da Ley Xeral Tributaria.

### ***Artigo 3º. Cota tributaria.***

1. A cota tributaria da taxa reguladora nesta Ordenanza, agás no suposto contemplado no número 2 deste artigo, consistirá na cantidade resultante de aplicar a seguinte tarifa:
  - a) Por andamios con publicidade colocados en terreos de dominio público, por m<sup>2</sup> ou fracción ó ano: 15,00 euros.
  - b) Por vallas, guindastres, andamios e outras instalacións semellantes colacadas na vía pública, por m<sup>2</sup> ó ou fracción ó mes: 10,00 euros
  - c) As mesmas instalacións a que se refire ó párrafo epígrafe anterior, cando estén instaladas por período superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior a dito termo, por m<sup>2</sup> ou fracción ó mes: 12,00 euros.

A partir do primeiro día hábil do décimo terceiro mes, experimentarán un incremento mensual acumulativo, sobre a tarifa do párrafo anterior do 10%.

- d) Por puntais, asnillas e outros elementos de apeo dos edificios, por unidade e mes: 5,00 Euros.
  - e) Por ocupacións con mercancías, materiais de construcción, escombros ou outros elementos similares, incluido cando se depositen en vagóns, contenedores e análogos, una cota diaria por m<sup>2</sup> ou fracción de 3,00 euros. A partir do cuarto día incluido e ata o periodo de un mes, a cota diaria será de 1,05€.
  - f) As mesmas instalacións a que se refire ó párrafo epígrafe anterior, cando estén instaladas por período mensual inferior a seis meses, a cota mensual será de 30,00€. Se fose superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior a dito termo, por m<sup>2</sup> ou fracción ó mes: 50,00 euros.

A partir do primeiro día hábil do décimo terceiro mes, experimentarán un incremento mensual acumulativo, sobre a tarifa do párrafo anterior do 10%.

- g) Con carácter mínimo e sempre por aplicación das anteriores tarifas non se alcance dito importe, esixiranse: 40,00 euros agás nos supostos sinalados nas letras b), d) e e)
  - h) Polos cortes total ó tráfico rodado das vías públicas de primeira categoría segundo anexo da Ordenanza do Imposto sobre Actividades Económicas de ata 4 horas : 100,00 euros. Os cortes nas restantes vías gravarase co 50% da sinalada cota.
  - i) Polos cortes total ó tráfico rodado das vías públicas de primeira categoría segundo anexo da Ordenanza do Imposto sobre Actividades Económicas de más de 4 horas ata 8 horas : 150,00 euros. Os cortes nas restantes vías gravarase co 50% da sinalada cota.
  - j) Polos cortes total ó tráfico rodado das vías públicas de primeira categoría segundo anexo da Ordenanza do Imposto sobre Actividades Económicas de más de 8 horas ata un día completo: 250,00 euros. Os cortes nas restantes vías gravarase co 50% da sinalada cota.

No caso de precisarse a presencia dun axente de policía como consecuencia do corte de tráfico producindo ademáis do importe da taxa deberá proceder ó reintegro do importe correspondente ó tempo de servicio prestado polo asenté, de conformidade coas seguintes tarifas:

- a) Por cada Axente da Policía Local adscrito á prestación do servicio especial: 23,00 euros/hora.
- b) Por cada vehículo adscrito á prestación do servicio especial: 11,79 euros/hora.
- c) Pola intervención dos Servicios Técnicos Municipais: 26,00 euros/hora.
- d) Pola intervención de operarios: 13,50 euros/hora.

2. En tódolos casos en que estimease posible a depreciación ou deterioro do dominio público afectado o titular da concesión, licencia ou autorización constituirá un depósito ou garantía da seguinte contía:

— Por cada metro cadrado ou fracción de pavimento, a cantidade de euros:		
Aglomerado bituminoso .....	157,20	
Formigón blindado .....	157,20	
Baldosa e adoquín .....	117,89	
<b>Cemento contínuo .....</b>	<b>78,59</b>	
Macadam, con ou sen rego asfáltico....	55,01	

Este suposto é aplicable a tódolos xeitos de utilización privativa ou aproveitamento especial se deriven ou non dunha liciatación pública.

- 3. No caso de que a utilización privativa ou o aproveitamento especial se adxudique por procedementos de licitación pública o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización ou adxudicación, sen prexuízo de canto dispoñen os números 2 e 4 deste artigo.
- 4. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, ou suxeito pasivo, sen prexuízo do pagamento da tarifa referida no número 1 anterior, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación.

Tales gastos tasaránse polos servicios técnicos municipais e comunicados ó beneficiario do aproveitamento, facéndose efectivos de forma preferente sobre o depósito ou garantía constituido.

#### ***Artigo 4º. Normas de xestión.***

1. A taxa reguladora por esta Ordenanza esixiráse en réxime de autoliquidación, polo que ó tempo da presentación da solicitude de licencia ou autorización do aproveitamento acreditára ter ingresado na Tesourería Municipal o importe autoliquidado da utilización privativa ou o aproveitamento especial que se solicita.

A autoliquidación aboada non causará dereito algúun e non faculta para a utilización no aproveitamento que constitue o feito imposible desta taxa, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licencia.

2. Na resolución da solicitude de concesión da licencia elevaráse a definitiva a autoliquidación aboada por contía menor, igual ou superior á autoliquidada.
  - a) No caso de que a liquidación definitiva da taxa sexa de menor contía á autoliquidada, ou no caso de resolución desestimatoria da solicitude, a mesma resolución acordará a devolución polo importe indebidamente ingresado.
  - b) No caso de que a liquidación definitiva sexa superior faráse efectivo o exceso dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración
3. Na resolución da solicitude de concesión da licencia cuantificaráse, no caso de que se estime necesario, o depósito ou garantía a constituir, que deberá ser ingresado ou constituido na Tesourería Municipal previamente á utilización ou aproveitamento. O seu réxime de constitución, extensión e cancelación será o regulado no artigo 7º desta Ordenanza.
4. Consideraranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren trinta días sen constituir o depósito ou garantía nin comezado a ocupación, ou cando a mesma non se axuste as prescripcións técnicas da resolución da concesión. En tales casos, sendo a causa da caducidade imputable ó suxeito pasivo, non procederá á devolución do importe autoliquidado, nin a anulación da liquidación practicada pola Administración.
5. Constitúese como abriga tributaria formal para o suxeito pasivo a comunicación da baixa da utilización privativa ou do aproveitamento especial autorizado. Transcorrido o prazo de comunicación, salvo resolución expresa denegatoria, entenderáse prorrogada a utilización ou o aproveitamento polo mesmo período da autorización inmediatamente anterior, polo que o Concello procederá a emitir liquidación polo novo período da ocupación, sen prexuizo da sanción que se impoña polo incumprimento da obriga, que aboará nos termos establecidos no artigo 4º.2 B) desta Ordenanza.
6. As solicitudes de prórroga dos prazos iniciais concedidos se tramitarán como unha nova licencia, debendo facerse una nova autoliquidación polo prazo da prórroga que se solicita. A falla de solicitude de prórroga provocará que se

considere o aproveitamento realizado como falto de autorización con aplicación das sancións que procedan.

#### ***Artigo 5º. Dereito á percepción da taxa.***

A taxa regulada por esta Ordenanza percibirase cando comenze o uso privativo ou o aproveitamento especial, sen prexuzo do réxime de autoliquidación regulado no artigo 4º anterior.

#### ***Artigo 6º. Infraccións e defraudacións.***

1. Cualificarse como infracción tributaria simple o incumplimento do deber de solicitar a autorización ou licencia con carácter previo á utilización privativa ou o aproveitamento especial, sen prexuzo de canto establece o número 2 seguinte. Igual calificación terá a ocupación superior á solicitada, ou o cumprimento da obriga tributaria formal a que se refire o artigo 4º.5 desta Ordenanza. Tales infraccións sancionaranse cunha multa de 6,01 a 901,52 euros por cada infracción simple cometida. Cualifícase como infracción tributaria simple non poñer a disposición dos Servizos Técnicos ou da Policía Local o xustificante ou documento de autorización cando lle sexa requerido nas funcións de control, inspección e vixilancia.
2. Cando se trate das obras que se executen inmediatamente polos graves prexuzos que a demora poidera producir poderán iniciarse as obras sen obter previamente a autorización municipal, sen que isto constitúa infracción tributaria. Neste caso o suxeito pasivo solicitará a licencia dentro das vintecatro horas seguintes ó comezo das obras e xustificará a razón da súa urxencia. O incumplimento desta obriga será sancionable como infracción tributaria simple nos termos regulados no apartado 1 anterior.

#### ***Artigo 7º. Réxime de constitución, extensión e cancelación do depósito ou garantía.***

O réxime de constitución, extensión e cancelación do depósito ou garantía a que fai alusión esta Ordenanza será regulado no artigo séptimo da Ordenanza Fiscal número T1.

#### ***Artigo 8º. Outras normas de aplicación***

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización ou aproveitamento gravados segundo o disposto nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, con tres días hábiles de

antelación, realizar o depósito previo da taxa e formular declaración na que conste a superficie afectada e as datas inicial e final de dita ocupación solicitada. No suposto de actuacións por emerxencia ou actuacións urxentes por motivos de seguridade ou salubridade pública deberá procederse a presentar a solicitude tan pronto como sexa posible, xunto con un plano estimado de superficie afectada e prazo estimado de ocupación. Unha vez realizadas as labores preventivas procederase á subsanación da solicitude e xiraranse as liquidacións complementarias que procedan. A notificación poderá retirarse persoalmente nas oficinas municipais ata o día hábil inmediato anterior á data declarada de inicio de ocupación, en caso contrario notificarse polo servizo de Correos.

2. Os servizos técnicos do Concello e a Policía Local comprobarán e investigarán as declaracions formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións ou notificando as diferencias ou deficiencias observadas, non concedéndose neste último caso as autorizacións ata a súa subsanación e realizados os ingresos complementarios que procedan. No suposto de detectarse ocupación máis aló da data final declarada, considerarase unha ocupación nova sen autorización.
3. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña aboadado a taxa e se teña obtido a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia, sen perxuizo do pago da taxa e das sancions e recargos que procedan.
4. A ocupación autorizada non poderá obstaculizar o paso a espacios de uso común (xardíns, áreas peatonais, aparcamentos, accesos a garaxes, accesos a inmobles) ou o tránsito de vehículos e peóns salvo no que fora expresamente autorizado.
5. Deberán quedar libres para a súa inmediata utilización, se fose necesario, os elementos de servizos públicos tales como bocas de rego, rexistros de sumidoiros, saídas de emerxencia, arquetas de rexistro de servizos e análogos, así como o mobiliario urbán de uso e servizos, salvo que expresamente se autorizara o contrario e baixo o estrictamente autorizado.

#### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 3, 6 e 8 por acordo plenario de data 26 de decembro de 2011 e publicada definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011

DILIXENCIA: advertido erro na publicación do BOP de 31 de decembro de 2011, corríxese o artigo 3.e) para adecuar ao texto aquí descrito mediante publicación no BOP número 51 de 2 de marzo de 2012